



## Guía Docente

Datos Identificativos					2024/25
Asignatura (*)	A voz profesional		Código	652G04040	
Titulación	Grao en Logopedia				
Descritores					
Ciclo	Período	Curso	Tipo	Créditos	
Grao	1º cuatrimestre	Cuarto	Optativa	4.5	
Idioma	Castelán				
Modalidade docente	Presencial				
Prerrequisitos					
Departamento	Fisioterapia, Medicina e Ciencias Biomédicas				
Coordinación	Lodeiro Fernández, Leire	Correo electrónico	leire.lodeiro@udc.es		
Profesorado	Lodeiro Fernández, Leire	Correo electrónico	leire.lodeiro@udc.es		
Web	<a href="https://pdi.udc.es/es/File/Pdi/7N78E">https://pdi.udc.es/es/File/Pdi/7N78E</a>				
Descrición xeral	Trátase de unha asignatura optativa de cuarto curso del Título de Grado en Logopedia que consta de clases expositivas de forma presencial e interactivas con maior peso na parte práctica/interactiva. Impártese no primer cuatrimestre. En horario de mañá e tarde (mércores)				

## Competencias / Resultados do título

Código	Competencias / Resultados do título
A1	Coñecer e integrar os fundamentos biolóxicos da Logopedia: a Anatomía e Fisioloxía.
A6	Coñecer a clasificación, a terminoloxía e a descrición dos trastornos da comunicación, a linguaxe, a fala, a voz e a audición e as funcións orais non verbais.
A8	Coñecer os fundamentos do proceso de avaliación e diagnóstico.
A11	Redactar un informe de avaliación logopédica.
A12	Realizar unha avaliación tras a intervención.
A13	Coñecer os principios xenerais de la intervención logopédica.
A15	Coñecer e aplicar os modelos e as técnicas de intervención.
A21	Saber deseñar e elaborar informes logopédicos.
A26	Adquirir un coñecemento práctico para a avaliación logopédica.
A28	Adquirir un coñecemento práctico en intervención logopédica (formación práctica en ámbitos escolares, clínico-sanitarios e asistenciais).
A29	Adquirir a formación práctica para o traballo individual, grupal, cooperativo e de mediación con facilitador.
A30	Coñecer a actuación profesional e os contornos onde se desenvolve a práctica.
A32	Utilizar tecnoloxías da información e da comunicación.
B1	Acceso, selección e xestión das fontes de información relevantes para a práctica profesional.
B5	Aprender autonomamente, e motivarse para facelo de forma continuada.
B8	Capacidade de observar e de escoitar de forma activa.
B10	Capacidade para motivarse e procurar a calidade na actuación profesional.
B11	Comportarse con ética e responsabilidade social como cidadán e como profesional.
B12	Comunicarse de maneira efectiva nun contorno de traballo.
B13	Coñecer e manexar as novas tecnoloxías da comunicación e da información.
B14	Destreza e empatía nas relacións interpersoais.
B15	Poñer en valor a súa profesión no contorno en que desenvolve o seu traballo.
B17	Saber expresarse en público.
B18	Ser creativo no exercicio da profesión.
B19	Ter compromiso ético.
B23	Traballar de forma colaborativa.
B24	Traballar en equipo e, de ser o caso, de forma interdisciplinar.
C1	Expresarse correctamente, tanto de forma oral coma escrita, nas linguas oficiais da comunidade autónoma.
C2	Dominar a expresión e a comprensión de forma oral e escrita dun idioma estranxeiro.



C3	Utilizar as ferramentas básicas das tecnoloxías da información e as comunicacións (TIC) necesarias para o exercicio da súa profesión e para a aprendizaxe ao longo da súa vida.
C6	Valorar criticamente o coñecemento, a tecnoloxía e a información dispoñible para resolver os problemas cos que deben enfrontarse.
C7	Asumir como profesional e cidadán a importancia da aprendizaxe ao longo da vida.
C8	Valorar a importancia que ten a investigación, a innovación e o desenvolvemento tecnolóxico no avance socioeconómico e cultural da sociedade.

Resultados da aprendizaxe			
Resultados de aprendizaxe	Competencias / Resultados do título		
	1- Coñecer a información xeral respecto das estruturas e sistemas funcionais que interveñen na produción da voz e na determinación dos distintos procesos patolóxicos que a afectan.	A1	B1
	A6	B5	C2
	A8	B8	C3
2.- Provir información detallada sobre os procesos que afectan a funcionalidade vocal: aspectos etiolóxicos, patoxénicos, clínicos e prospectivos, así como dos factores emocionais que acompañan e/ou determinan as perturbacións da voz profesional.	A11	B10	C6
	A12	B11	C7
	A13	B12	C8
	A15	B13	
3.- Aportar os alumnos os coñecementos prácticos da clasificación vocal, técnicas vocais e alteracións que estas producen no aparato fonatorio para previr, diagnosticar y levar a cabo un plan terapéutico completo de culquer tipo de afectación vocal dos profesionais da voz cantada e falada.	A21	B14	
	A26	B15	
	A28	B17	
	A29	B18	
	A30	B19	
	A32	B23	
		B24	

Contidos	
Temas	Subtemas
Tema 1: Fundamentos básicos e introductorios da voz	Conceptos fundamentais e recordo anatómico-fisiolóxico da voz. Audición: acústica e parámetros vocais. Musicalidade, oído musical e tipos de voces. Avaliación da voz profesional.
Tema 2: A Voz Profesional	A voz como ferramenta de traballo. Importancia da formación do terapeuta vocal. Profesións de voz e requirimentos vocais: docentes, cantantes, actores e outros profesionais. Voz cantada e voz falada. Diferenzas. Voz cantada: esquema corporal e sensibilidades propioceptivas. Voz normal e voz patolóxica: recordatorio. Tipos de disfonías profesionais.
Tema 3: Técnica vocal e medidas de hixiene	Medidas de hixiene vocal para o correcto uso da voz. Técnica vocal para o uso correcto da voz: esquema corporal/postura, respiración, relaxación, pronuncia, prosodia e impostación. Exercicios de tracto vocal semiocluído para a voz cantada e voz falada. Erros máis habituais: toma de conciencia e indicacións para a súa corrección.
Tema 4: Técnica de dicción para falar en público	Linguaxe corporal e voz. Ritmo do fala e manexo de #o #estrés. Organización do discurso. Uso do micrófono e do teléfono. Expresión oral nos medios de comunicación e nas redes sociais.



Planificación				
Metodoloxías / probas	Competencias / Resultados	Horas lectivas (presenciais e virtuais)	Horas traballo autónomo	Horas totais
Estudo de casos	A8 A11 A12 A13 A28 B8 B11 B12 B15 B17 B18 B19 C6	2	2	4
Prácticas clínicas	A8 A13 A21 A26 A30	9.5	19	28.5
Sesión maxistral	A1 A6 A8 A21 A26 A28 A32 B5 B13 B15 B17 C1 C6 C7 C8	10	30	40
Proba obxectiva	A13 A12 C7	1	1	2
Traballos tutelados	A13 A15 A28 A29 B24 B23 B19 B18 B17 B15 B14 B12 B11 B10 B5 B1 C1 C2 C3	9	27	36
Atención personalizada		2	0	2

\*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientativo, considerando a heteroxeneidade do alumnado

Metodoloxías	
Metodoloxías	Descrición
Estudo de casos	O profesor presentará casos clínicos relacionados cos contidos.
Prácticas clínicas	Servirán para poñer exemplos dos erros vocais e do seu correcto uso.
Sesión maxistral	Impartiranse os contidos teóricos e os prácticos, de forma consecutiva. Os teóricos impartiranse en sesión maxistral con soporte de diapositivas e vídeos. E a parte práctica mediante exercicios prácticos relacionados coa explicación teórica.
Proba obxectiva	Exame tipo test dos contidos teórico-prácticos
Traballos tutelados	Elaboración de material de intervención a partir de pautas facilitadas polo profesor.

Atención personalizada	
Metodoloxías	Descrición
Traballos tutelados	Trátase dun traballo grupal que poderán desenvolver coa axuda tutorizada do profesor e que estará moi ligado ás prácticas clínicas que levarán a cabo durante as clases interactivas. O alumnado que non asiste regularmente ás clases interactivas (xa sexa por dispensa académica ou por outros motivos) deberá incorporarse a un grupo de traballo con compañeiros que si acudan regularmente ás clases. Ademais, todo o alumnado poderá consultar as dúbidas que xurdan a través de tutoría en liña ou presencial.

Avaliación			
Metodoloxías	Competencias / Resultados	Descrición	Cualificación
Proba obxectiva	A13 A12 C7	Valora os coñecementos adquiridos sobre a materia. Tipo test de resposta única.	30
Traballos tutelados	A13 A15 A28 A29 B24 B23 B19 B18 B17 B15 B14 B12 B11 B10 B5 B1 C1 C2 C3	Valora a capacidade de elaboración de material de intervención acorde cos fundamentos prácticos da materia	70

Observacións avaliación



Para superar a materia é necesario obter un 5 sobre 10 na Proba obxectiva-Exame e no Traballo Tutelado. A asistencia ás clases interactivas é primordial para poder levar a cabo devandito Traballo Tutelado porque se basea na exposición dos coñecementos e aprendizaxes adquiridos nas clases interactivas. A proba obxectiva-examen supón un 30% da nota final e o Traballo Tutelado un 70%. Sin embargo, no caso do alumnado con recoñecemento de dedicación a tempo parcial, dispensa académica con exención de asistencia ou alumnado que non cumpra cunha asistencia mínima do 75% deberá poñerse ao día coa progresión das clases e integrarse nalgún dos grupos de traballo do alumnado que asiste con regularidade a clase se quere que puntúe o seu Traballo Tutelado. No alumnado con asistencia inferior ao 75% das clases (xa sexa por dedicación a tempo parcial, dispensa académica ou ausencias con ou sen xustificación), a ponderación das notas será á inversa, tendo o exame un peso do 70% da nota final e o Traballo Tutelado un 30%.

Todos os aspectos relacionados con ?dispensa académica?, ?dedicación ao estudo?, ?permanencia? e ?fraude académica? rexeranse de acordo coa normativa académica vixente da UDC.

#### ESPECIFICACIÓNS ADICIONAIS:

1. Aplicaranse estes mesmos criterios avaliadores en todas as convocatorias (1ª, 2ª e convocatoria adiantada).

2. O Traballo

Tutelado será entregado na mesma data por parte do todo o alumnado, caso de non entrega, non puntúa. A data de entrega establecerase ao longo do transcurso das clases, será unha vez finalizadas as clases interactivas e indicarse en Moodle.

#### Fontes de información

##### Bibliografía básica

- Le Huche F, Allali A. (1994). La voz, Tomos 1,2,3.. Barcelona. Ed. Masson
  - Dinville C. (1996). Los trastornos de la voz y su reeducación. Barcelona. Ed. Masson
  - Bustos Sánchez I. (2007). La voz. La técnica y la expresión. Ed. Paidotribo, Madrid
  - Theodore , JR Dimon (2013). La voz cantada y hablada. Ed. Gaia
  - Caballero C. (2004). Como educar la voz cantada. México. Ed. Edamex
  - Schüller Moreno, T. (2021). Guía de intervención logopédica en disfonías. Ed. Síntesis
  - Jackson-Menaldí, MC (2019). La voz normal y patológica. Ed. Panamericana
- Outra bibliografía podría actualizarse ao longo do curso.

##### Bibliografía complementaria

#### Recomendacións

##### Materias que se recomenda ter cursado previamente

Anatomía dos órganos da audición e a linguaxe/652G04001  
Intervención logopédica nos trastornos da fala e a voz/652G04027  
Fisioterapia do aparato bucofonador/652G04039

##### Materias que se recomenda cursar simultaneamente

Intervención logopédica nos trastornos da fala e a voz/652G04027  
Fisioterapia do aparato bucofonador/652G04039

##### Materias que continúan o temario

#### Observacións

